



BASES REGULADORAS DAS AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA A PROMOCIÓN DA NATALIDADE, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO E FOMENTO DO COMERCIO LOCAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN. EXERCICIO 2023.

Artigo 1. Obxecto e finalidade das axudas

- 1 O obxecto destas bases é regular a convocatoria pública por parte do Concello de Boqueixón para a tramitación e concesión de subvencións destinadas ao fomento da natalidade no Concello no ano 2023.
- 2 Así mesmo a finalidade é a concesión de axudas a familias para sufragar parcialmente os custes derivados do nacemento e/ou acollemento ou adopción de nenos/as empadroados no Concello de Boqueixon.
- 3 Tamén esta axuda económica ten por obxecto a axuda ao comercio local, polo que o gasto subvencionado ás familias ten que efectuarse en empresas radicadas no termo de Boqueixón.

Artigo 2. Natureza xurídica.

- 1 Esta axuda ten carácter de subvención e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, de subvención de Galicia.

Artigo 3. Incompatibilidade con outras axudas.

- 1 Esta axuda é incompatible coas concedidas noutros concellos que teñan o mesmo fin público.
- 2 A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse polo Estado ou a Comunidade Autónoma de Galicia pero o importe das subvencións recibidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas destas administracións, supere o custo dos gastos xustificadas.

Artigo 4. Aplicación orzamentaria, tipos, contía e criterios de valoración.

- 1 As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á **aplicación orzamentaria 231.480.03** do orzamento municipal para o exercicio 2023, por importe máximo de 8.000 euros.
- 2 Concederase unha axuda por neno/a nacido/a entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2023 por un importe individual de 400 € .
- 3 A axuda será de 500 € no caso de acreditar unha discapacidade do/a neno/a dun 33% ou superior.
- 4 As axudas outórganse con independencia da renda familiar.
- 5 No suposto de que o importe solicitado supere o límite máximo de 8.000 €, poderase ampliar o crédito existente na partida, segundo as dispoñibilidades orzamentarias do concello.



Artigo 5. Requisitos e obrigas das persoas beneficiarias

As axudas poderán ser solicitadas por pai/nai ou titor/a das nenas e nenos nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023, que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que a persoa proxenitora solicitante teña a custodia do neno/a e toda a unidade familiar terá que estar empadroadada no Concello de Boqueixón, e no mesmo domicilio familiar, incluído o/a menor nacido/a.

Este requisito de empadramento tense que cumprir na data en que se presenta a solicitude desta axuda, e os proxenitores deberán comprometerse a permanecer empadroados no Concello de Boqueixón, do mesmo xeito que a unidade familiar, un período mínimo de 3 anos a contar desde a presentación da solicitude de axuda.

Entenderase por unidade familiar, a efectos destas axudas, a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección da/o menor. Tamén se considerará como membros da unidade familiar as parellas do pai, nai, titor/a do neno/a, sempre que convivan no domicilio familiar, así como os/as irmáns menores de idade do recén nado/a ou os maiores de idade que dependan economicamente dos seus pais ou titores. A estes efectos, considérase o domicilio familiar das nenas ou nenos beneficiarios/as o que figura no padrón de habitantes.

Estas circunstancias poderán ser comprobadas en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.

b) Cada neno dará dereito á presentación dunha única solicitude.

c) Non ser a persoa solicitante debedora da Administración Tributaria estatal e autonómica, Seguridade Social ou coa Facenda Municipal.

d) Non ter pendente de xustificar subvencións outorgadas polo Concello de Boqueixón.

e) Non estar en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que se establece nos artigos 10 e 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

As persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas ante o Concello de Boqueixón:

1) Cumprir o obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto, en beneficio do neno/s e nena/s, en cueiros, lácteos e alimentos infantís, roupa, calzado, enxoval, produtos de hixiene infantil, medicamentos ou outro tipo de produtos pediátricos.

2) Admitirse unicamente para xustificar a achega, as facturas e os xustificantes de pago dos gastos efectuados exclusivamente en comercios radicados no Concello de Boqueixón, cunha data de emisión e de pago, comprendida entre a data de nacemento do neno/a e o 15 de decembro de 2023, para nenos nados/as, adoptados ou acollidos entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2023. O prazo máximo de xustificación é a ata o 15 de decembro de 2023, salvo o previsto no apartado seguinte.

3) No suposto de nados/as, adoptados/as e acollidos/as entre o 1 e o 31 de decembro de 2023, a data de emisión de factura e de pago será dende a data de nacemento do neno/a ata o 20 de xaneiro de 2024. O prazo máximo de xustificación é a ata o 20 de xaneiro de 2024.



PERÍODOS NACEMENTOS	PLAZO SOLICITUDE AXUDA	DATAS DE FACTURACIÓN ADMITIDAS	PRAZO DE XUSTIFICACIÓN
Entre 01/01/2023 e a data de publicación do extracto no BOP	15 días naturais a partir do día seguinte de publicación no BOP	dende a data de nacemento do neno/a ata o 15/12/2023	Límite o 15/12/2023
Entre o día seguinte á publicación do extracto no BOP ata o 31/12/2023	15 días naturais a partir do día seguinte á data de nacemento do neno/a	dende a data de nacemento do neno/a ata o 20/01/2024	Límite o 20/01/2024

4) Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello nas ditas actuacións.

5) Comunicarlle ao Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

Artigo 6. Solicitud e documentación necesaria

- 1 As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I), a seguinte documentación:
 - a) Documento Nacional de Identidade, NIE ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
 - b) Copia do libro ou libros de familia ou documentación substitutiva en que consten todas as fillas e fillos da persoa solicitante ou certificación de nacemento do rexistro civil de cada unha das fillas ou fillos da persoa solicitante, para efectos de acreditar a data de nacemento e o número de orde que ocupa a filla ou fillo na descendencia da persoa solicitante.
 - c) Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a adopción ou a garda con fins adoptivos, de ser o caso.
 - d) Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais dos fillos e fillas comúns nas unións de feito e/ou do convenio regulador, de ser o caso.
 - e) Certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, expedido polo Concello, onde figure a data de alta no padrón de habitantes.
 - f) Certificado da conta bancaria, do pai/nai ou titor/a do menor solicitante da axuda.
 - g) Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de incumprir algún dos requisitos esixidos para ser beneficiarios da mesma (Anexo II).
 - h) Declaración responsable de non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda (Anexo III).



- i) Certificado de non ter débedas coas Administracións Públicas con potestade tributaria e coa Seguridade Social, salvo que o solicitante autorice ó concello de Boqueixón a súa consulta (Anexo III).
- j) Calquera outro documento que o órgano tramitador considere necesario co fin de poder facer unha correcta avaliación do expediente.
- k) O concello de Boqueixón comprobará de oficio, previa autorización do titular, que o solicitante se atopa ó corrente coa facenda local, emitíndose a tales efectos o correspondente informe por parte da tesourería municipal (Anexo III).
- l) Certificado de discapacidade dun 33% ou superior do neno/a (de ser o caso).
- m) Aceptación das bases reguladoras e a veracidade dos documentos presentados (Anexo III).

2 A documentación complementaria achegarase preferentemente por vía electrónica, sendo válida a presentación de xeito presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3 Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

4 A presentación da solicitude comportará a autorización ó órgano xestor para a comprobación automática dos datos que constan nela ante os organismos ou entidades correspondentes.

No caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 7. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

1 Establécense 2 prazos de solicitude da axuda:

- a) Para os/as nados/as, adoptados/as e acollidos/as entre o 01/01/2023 e a data de publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, de 15 días naturais contados dende o día seguinte da publicación do citado extracto.
- b) Para os/as nados/as, adoptados/as e acollidos/as entre o día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no BOP da Coruña e o 31 de decembro de 2023, de 15 días naturais, contados dende o día seguinte do nacemento, adopción ou acollemento.

2 As solicitudes deberán presentarse preferentemente por vía electrónica nos modelos normalizados ou presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón, ou calquera dos outros medios aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



3 Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao seguinte día hábil e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 8. Publicidade

A relación das subvencións concedidas publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións así como no Portal de Transparencia do Concello de Boqueixón, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiarios e contías percibidas.

Artigo 9. Procedemento de concesión e órganos competentes

1 O procedemento de concesión da axuda é o de concorrencia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2 As axudas tramitaranse por un procedemento abreviado no que o órgano instrutor (departamento de Emprego e Formación) lle formulará ao órgano concedente a proposta de resolución, tras comprobar a concorrencia dos requisitos esixidos.

3 De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación recollida no artigo 6, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4 A resolución e notificación destas axudas correspóndelle á Xunta de Goberno Local no prazo de seis meses computados dende o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

5 As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución se o acto fose expreso, e se non o fose, o prazo será de seis meses desde o día seguinte a aquel en que a solicitude se entenda desestimada de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

6 Potestativamente e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución expresa. Se a resolución é presunta, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

7 Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

8 O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.



9 A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para concesión das mesmas, deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

Artigo 10. Notificación

1 As notificacións da resolución dos expedientes e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2 A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3 No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4 De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicarase mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5 As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación, sen que se acceda ao seu contido.

6 Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. Xustificación da subvención e pagamento.

1. Documentación xustificativa a presentar polo/a beneficiario/a:

- **Anexo IV** de xustificación.
- Presentar **facturas** orixinais ou fotocopias compulsadas,
 - A)** Cando o pago se realiza por transferencia bancaria ou tarxeta presentaranse os **xustificantes de pago bancario**.
 - B)** Cando o pago se realiza **en efectivo, a factura** terá que estar selada e asinada pola empresa emisora, facendo constar como “pagado” na factura. Non se admitirán na xustificación pagos realizados en efectivo superiores ós 100 € (ive incluído).

O gasto xustificado terá que estar efectuado exclusivamente no comercio local do municipio de Boqueixón.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- Unha declaración responsable de non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda (Anexo IV).
- Unha declaración responsable de non ter obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria e coa Seguridade Social. No caso en que o beneficiario teña autorizado a consulta no momento de ter presentado a solicitude de axuda non será necesario presentar esta declaración (Anexo IV).
- Declaración responsable sobre a percepción ou non doutras axudas coa mesma finalidade (Anexo IV).
- Calquera outro documento que o órgano tramitador considere necesario co fin de poder facer unha correcta avaliación do expediente.

2. O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria a nome da persoa solicitante, tras a súa xustificación por medio da presentación da documentación detallada no puntos anteriores.

3. No caso de que o beneficiario non cumpra no momento da xustificación cas obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria e coa Seguridade Social e de non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda, advertirase ó beneficiario/a de que non se procederá ó pagamento se no prazo no que se lle requira non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social e prohibición para ser beneficiaria de axuda, e declararase a perda do dereito a subvención outorgada.

4. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais da Área de Benestar Social, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material para o que se solicita a axuda. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase ao beneficiario de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito a subvención outorgada.

Artigo 12. Incumprimentos das obrigas por parte das persoas beneficiarias das axudas.

1. Se as persoas beneficiarias das axudas non cumpren coas obrigas establecidas nestas bases, terían que reintegrar a subvención percibida, ó igual que terían que reintegrar a subvención no suposto que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude de axudas que determinasen que non cumpren os requisitos para ser beneficiarias de subvencións.

2. No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior á cantidade da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado e subvencionable.

3. O prazo para presentar a xustificación da realización do gasto será o contemplado no artigo 5 das bases reguladoras.

Artigo 13. Normativa supletoria

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boqueixón para o exercicio 2022, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Regulamento da lei xeral de subvencións e demais normativa de réxime local aplicable.